



## **Procedemento para a xestión de facturas emitidas pola Oficina de Investigación e Tecnoloxía, Unidade de Xestión Económica de I+D**

Desde o inicio do exercicio económico 2001, a Unidade de Xestión Económica de I+D (Uxe) ten a competencia de emitir facturación ó exterior polas actividades de investigación (contratos, informes, etc) realizadas con financiamento externo, tanto público como privado, en coordinación coa Unidade de Producción Científica, ambas ubicadas na Oficina de Investigación e Tecnoloxía (OIT). Esta división de funcións supón unha importante mellora na xestión, por teren tódalas cuestións de tipo económico un seguimento máis amplo. Co fin de que a dita xestión sexa todo o eficiente que se precisa, é importante que se teña establecido un mecanismo claro para a emisión, seguimento e reclamación, cando sexa o caso, das facturas emitidas.

**Primeiro.-** As actividades de investigación que se realicen como consecuencia da sinatura dun contrato ou convenio con persoas xurídicas públicas ou privadas recibirán a dotación económica nos prazos e contías que se establezan neses documentos. Para estes efectos, os contratos e convenios asinados deberán ser elaborados ou revisados previamente polo persoal da OIT e respecta-las normas e procedementos que a USC teña establecidos con carácter xeral.

**Segundo.-** Nos prazos que se acorden, a Uxe procederá á emiti-las facturas ou documentos equivalentes, logo de verificar co investigador principal, cando proceda, que se realizou a parte das actividades pactadas. Como criterio xeral, e salvo que se estableza outro prazo, as facturas emitiranse a 90 días.

**Terceiro.-** Transcorrido o prazo anterior, efectuarase un primeiro contacto telefónico ou por outras vías para coñece-la situación da factura e as posibles intencións do contratante en canto ás previsións de pagamento.

**Cuarto.-** No caso de non recibir resposta ou de ser esta negativa, efectuarase unha reclamación formal por escrito ó contratante, indicándolle que de non face-lo ingreso no prazo que se lle comunique e cando non alegue motivos para non face-lo pagamento, a USC resérvase a facultade de acudir á vía de apremio sobre o patrimonio de acordo co procedemento recaudatorio en vía executiva establecido no artigo 97 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

**Quinto.-** Da anterior actuación daráselle conta ó investigador principal responsable da actividade contratada que se está facturando. Igualmente enviaránselle para o seu coñecemento e resposta as posibles alegacións que o contratante faga chegar á OIT.

**Sexto.-** Cando da resposta do contratante se deduza que hai un incumprimento do contrato por parte da USC, ou ben unha demora na execución do mesmo, pediráselle ó investigador

principal que comunique á OIT as razóns de tal incumprimento, ou ben que elabore un calendario sobre a nova execución, explicando en todo caso as razóns da demora. Esta información trasladarase ó contratante, e teranse en conta as novas circunstancias nas dotacións orzamentarias e previsións de cobro da facturación emitida, ou ben na súa cancelación parcial ou total.

**Sétimo.-** No suposto de se ter executado a actividade no prazo previsto, e transcorridos 15 días desde o envío do escrito ó contratante sen que se reciba resposta, ou ben cando esta sexa negativa, a UXE propondrá ó Vicerrector de Investigación e Innovación rete-lo crédito disponible necesario na partida presupostaria cando isto sexa posible. Unha vez autorizada a retención esta efectuarase utilizando os medios técnicos máis áxiles en cada momento. Tamén se enviará comunicación ó Servicio de Contabilidade e Presupostos para que, cando proceda, tome as medidas necesarias para iniciar un expediente de compesación de débedas.

**Oitavo.-** Cando o incumprimento do contrato sexa imputable ó investigador principal e as circunstancias así o aconsellen, o Vicerrector de Investigación e Innovación poderá decidir efectuar unha retención de crédito cautelar na partida presupostaria aberta ou, cando sexa preciso, nalgunha outra partida da que aquel sexa responsable polo importe da facturación emitida e pendente de cobro, co fin de asegura-la recuperación económica do importe adebedado. Para a utilización deste procedemento, de carácter extraordinario, buscarase un acordo co investigador principal, co fin de minimiza-los prexuízos que na súa actividade investigadora lle poida ocasionar. Unha vez que se dea por finalizado o expediente, efectuaranse as modificacións presupostarias que procedan.

**Noveno.-** No suposto do apartado sétimo, daráselle traslado á Asesoría Xurídica da situación para que, se o considera oportuno, emprenda as accións xurídicas que cumpran.

**Décimo.-** O procedemento descrito nos apartados anteriores adaptarase ás circunstancias e características específicas que poideran darse cando a outra parte contratante sexa unha administración ou un organismo público.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2002.  
O VICERRECTOR DE ECONOMÍA E FINANCIAMENTO,

Miguel Anxo Vázquez Taín

Excmo. Sr. Vicerrector de Investigación e Innovación.  
Sr. Director da Oficina de Investigación e Tecnoloxía.  
Sres. Xefes dos Servicios Administrativos de Contabilidade e Presupostos, Control Interno, Xestión Económica de I+D, Xestión da Producción Científica e Tecnolóxica